



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZANOVE DE OUTUBRO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
(Intervención telemática)	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
(Intervención telemática)	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
(Intervención telemática)	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
(Escusa asistencia)	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezanove de outubro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (28/09/2022)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 28/09/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación definitiva, se procede, de proxecto de expropiación urbanística por procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 (Vedra). (Expediente 2022/U040/000001)

-Por Secretaría emítase informe con data do 22/03/2022 e solicítouse a certificación de dominio e cargas da parcela obxecto da expropiación.

-Con data do 21/04/2022 redáctase proxecto de expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 do vixente PXOM deste concello.

-Con data do 25/04/2022 emítase pola intervención municipal informe sobre existencia de crédito dispoñible.

-Consta no proxecto a relación de propietarios e bens que resultan afectados pola execución da actuación.

-Con data do 25/04/2022 por acordo Plenario adoptado en sesión ordinaria, acórdase aprobar inicialmente o proxecto de expropiación proposto que se notifica ao propietario afectado.

-O anuncio de aprobación inicial publicouse, con data do 06/06/2022, no xornal La Voz de Galicia e con data 23/06/2022 no DOG número 120.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-Con data do 07/09/2022 emítase por esta secretaría certificación das alegacións achegadas por: María Dolores Iglesias Gacio, número de rexistro de entrada 202299900000675 de data 01/08/2022.

-Con data do 10/10/2022 emítase informe en relación coas alegacións achegadas no sentido de: Estimar as alegacións sinaladas nos puntos I e II do escrito, en canto á condición de interesada e relación de bens e dereitos afectados. Desestimar a alegación sinalada no punto III relativa á valoración de bens e dereitos, polos motivos expresados no informe de alegacións que se remitirá xunto coa notificación do acordo á interesada no expediente e, en consecuencia, introducir no proxecto as modificacións pertinentes.

-Con data do 13/10/2022 achégase o documento técnico para aprobación definitiva.

Polo exposto, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación de aplicación procedendo a súa aprobación definitiva polo pleno da corporación para o que se eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO.-Estimar as alegacións sinaladas nos puntos I e II do escrito en canto á condición de interesada e relación de bens e dereitos afectados e desestimar a alegación sinalada no punto III relativa á valoración de bens e dereitos, polos motivos expresados no informe de alegacións que se remitirá xunto coa notificación do acordo á interesada no expediente e, en consecuencia, introducir no proxecto as modificacións pertinentes.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación por procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 (Vedra) nos termos da documentación técnica asinada por Isidro López Yáñez en calidade de arquitecto e Beatriz Blanco Lois en calidade de enxeñeira técnica agrícola, de data 13/10/2022.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada propietaria e titular de bens e dereitos que figuran no expediente, outorgándolle un prazo de vinte días durante os que poderán manifestar por escrito a súa non conformidade coa valoración establecida no expediente.

Se non se manifesta oposición á valoración no mencionado prazo entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

No caso de que se manifeste a non conformidade o expediente será remitido ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación do xusto prezo.

A Presidencia di que unha vez aprobado provisionalmente abríase un prazo de publicacións e alegacións. Fundamentalmente por parte da propiedade presentaron as súas alegacións que foron estudadas e informadas por parte do equipo redactor. Unha vez contestadas é cando se fai esta aprobación definitiva.

Estimáronse algunhas das alegacións en relación a algún elemento que faltaba na folla de apezo, algunha corrección en canto a titularidade e unha petición que fixeron, no sentido de que se peche no seu perímetro a parte sobrante da propiedade, que foi aceptada porque xa se ía facer. Tivo unha reunión coa propiedade hai uns días e en principio ese peche vaise facer dunha forma provisional con postes e malla electrosoldada, á espera de que cando estea o proxecto de urbanización e se faga a urbanización completa desa zona, facer o peche definitivo que consideren os técnicos e arquitectos.

A propiedade, obviamente, non está de acordo nos valores.



Tamén fixeron a petición de repoñer o acceso rodado, que eles queren conservar por onde está a escola, o cal non pode ser. A propiedade falou de que cando foi a expropiación da estrada da Deputación, o acceso que teñen polo outro lado non quedou en bo estado, e que aproveitando as obras que se van realizar solicita que se lle acondicione ese acceso polo outro lado. Di que por parte do concello non vai haber problema en acondicionalo.

A partires de agora, unha vez aprobado isto, en principio segundo a Lei do solo, enténdese declarada a urxencia da ocupación, por tanto aplícase a Lei de expropiación forzosa, polo que hai que seguir o procedemento. A propiedade aceptará ou non o prezo, obviamente non o fará, e presentarán a súa folla de aprezo. Todo isto irá ao Xurado Autonómico de expropiación e determinarán o prezo definitivo da expropiación.

Mentres tanto, ofrece o pago en depósito previo da cantidade que estableceu o concello. A propiedade pode recoller ese pago a conta do prezo final, o cal non quere dicir que acepten o prezo, pero tamén a poden rexeitar. Se rexeitan o pago, o concello ten que acudir á Caixa Xeral de Depósitos e depositar eses cartos alí. Unha vez feitos estes movementos, en principio legalmente podería o concello entrar na parcela.

A Presidencia entende que antes de final de ano poderíase estar en disposición legal de poder acceder á parcela. En calquera caso, mantén o diálogo aberto coa propiedade e cónstalle que a asociación de veciños tamén o mantén.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, recorda que en xullo do 2020 o seu grupo trouxo esta proposta a todos os grupos políticos do concello e á asociación de veciños para buscar unha solución á falta dese espazo público. Apostaban por un acordo que non foi posible.

Congratúlase de que este procedemento vaia para adiante e espera ver reflectidos nos orzamentos do 2023 o proxecto e a execución dese parque do que xa ten solicitado que sexan partícipes os grupos da oposición e a asociación de veciños.

Non sabe que tipo de investimento precisará e se se poderá conseguir algún tipo de subvención. Ofrece a axuda do seu grupo e anuncia o voto a favor.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo dende o principio mostrou a vontade de diálogo para chegar a un acordo, e se este non fose posible, chegar á expropiación. Por fin se fíxo, pero cre que se tardou demasiado.

Sinala que xa que están en disposición, que se empece a facer o proxecto de urbanización. Imaxina que o arquitecto municipal poderá facer o proxecto, e canto antes, para poder urbanizar e usar a escola e todos os recursos para os nenos da escola e da parroquia.

Pregunta cales son os prazos que se estiman para realizar a actuación.

A Presidencia di que están os técnicos deseñando unha proposta, e obviamente discutirase cos grupos da oposición e a asociación de veciños para intentar chegar a un consenso entre todos para o uso e goce desa parcela. Tamén contarán coa dirección do CRA Vedra-Boqueixón “Neira Vilas” para recoller a súa opinión.

Verán o que custa todo iso, farán un proxecto finalista e despois verase se se fai todo xunto ou por fases. Evidentemente van acudir a convocatorias de subvención.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.



3º.- Acordo, se procede, de solicitude de axudas para o proxecto *Estrategia de promoción de la movilidad sostenible, accesible y segura en el Concello de Vedra, dentro do Programa de axudas para inversións a proxectos singulares de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) en el marco del Programa de Regeneración y Reto Demográfico del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (Medida 5. Movilidad Sostenible) (Expediente núm. 2022/A008/000048)*

Dáse conta do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do *Programa de Regeneración y Reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR)* (BOE núm. 185/21, do 4 de agosto)

A transición ecolóxica, así como a cohesión territorial e a loita contra a despoboamento, son dous dos catro eixes que orientan as dez políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Así de xeito transversal no plan, articuláronse un conxunto de 130 medidas para o reto demográfico orientadas a zonas rurais e pequenos municipios, entre elas, as incluídas dentro do seu compoñente 2, denominado “implementación de la Agencia Urbana Española: Plan de rehabilitación de vivienda y regeneración urbana”. Dentro do investimento C2.14 “Programa de Regeneración y reto demográfico” previsto polo citado compoñente 2 inclúese como unha liña de actuación o “Programa de axudas a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000)”

Os incentivos regulados no RD 692/21 para a implementación deste Programa DUS 5000 están dirixidos ao impulso de iniciativas públicas de mellora da eficiencia enerxética en edificios (cun aforro de enerxía primaria de polo menos o 30%, acreditado mediante certificados de eficiencia enerxética) e infraestruturas públicas, de fomento dos investimentos verdes e, en particular, do autoconsumo, así como da mobilidade sostible, facilitando o cambio modal e garantindo a participación dos concellos no despregamento da infraestrutura de recarga e impulso do vehículo eléctrico, e medidas de aforro enerxético e redución da contaminación luminosa mediante a mellora da iluminación pública.

De acordo co disposto no artigo 12 do citado Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, propónse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado no Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do “Programa de Regeneración y Reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) (BOE núm. 185/21, do 4 de agosto)”

SEGUNDO.- Aprobar as actuacións contempladas no proxecto de “Estrategia de promoción de la movilidad sostenible y segura en el Concello de Vedra”, co seguinte orzamento:

	Investimento Total	Custe elixible	Custe subvencionable	Porcentaxe de axuda	Axuda solicitada
Sen IVE	1.999.977,70	1.999.977,70	1.999.977,70	85%	1.699.981,05
Con IVE	2.419.973,02	2.419.973,02	2.419.973,02	85%	2.056.977,07



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



TERCEIRO.- Comprometerse a dotar de orzamento o proxecto, nas anualidades correspondentes, de ser o caso, e a financiar a totalidade do proxecto con carácter previo ao cobro da axuda, unha vez obtida a resolución da concesión da axuda, así como do anticipo que sobre da mesma se poida conceder.

CUARTO.- Aprobar a memoria descritiva das actuacións que compoñen o proxecto obxecto da axuda.

A Presidencia matiza que corrixindo algúns datos, había algunhas cifras erradas, nas que hai unha pequena variación, en relación ás que se viron na comisión informativa. Sen IVE serían 1.999.529,36 € e con IVE 2.419.430,52 €, o que tamén afecta ás contías das axudas solicitadas. É unha diferenza de 500 € menos.

En principio, no programa DUS 5000 de recuperación vinculados neste caso a medidas de eficiencia enerxética e intentando favorecer a recuperación do clima e evitar a emisión de CO₂ á atmosfera, cre que é unha oportunidade para facer un gran plan de sendas. Obviamente está limitado a unhas contías máximas que se podían solicitar. Falouse coa Ingeniería para que collesen as estradas principais, buscando unir parroquias e servizos. Hai algunha situación específica que tamén levaba un gran compoñente de coincidencia de vehículos e peóns á vez, como nos campos de fútbol, etcétera. O que se pretende é favorecer a mobilidade e resolver tamén algún problema como o de Gundián e o Santiaguíño, vinculados á Vía da Prata.

Deseñouse de maneira que non haxa expropiacións, que sempre son complicadas, e non haxa ocupacións das calzadas por onde circulan vehículos. A idea é facer unhas sendas similares ás que fixo a Deputación en San Xián e ás que vai facer en San Miguel.

Son uns 2.400.000 € aproximadamente de inversión total, dos cales 2.000.000 € serían subvencionados pola UE e o resto poñeríao o concello.

Agora vaise presentar a solicitude e non sabe se a concederán agora ou noutra convocatoria, ata o 2025/2026 que é cando se poden executar. En total son 21 quilómetros de sendas.

Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a favor e parécelle ben que o concello aproveite estes fondos así como a distribución e priorización que fai.

Pregunta se o concello está ao tanto de que a Deputación creou no concello de A Capela unha oficina que se chama “Next Deputación” para axudar aos concellos a tramitar subvencións, conseguir fondos, presentar proxectos, etcétera.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vaise abster. Cre que eses cartos poderíanse usar para desconectar os edificios públicos e outras cousas. Obviamente non votarán en contra porque son cartos que poden chegar para beneficio dos veciños.

A Presidencia responde que si coñece esa oficina. En principio o concello por si mesmo atende ás distintas convocatorias de subvención. Moitos deses fondos veñen a través do IDAE, e o concello como está coa FAEPAC na Deputación, sempre está ao tanto de onde poden empregar eses fondos.

Posta a votación, apróbbase con once votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e unha abstención do BNG.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, no pleno de xullo, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a bañarse no río, facendo referencia a Agro Novo, di que a lei permite bañarse nese lugar aínda que non estea cualificado oficialmente como praia fluvial. Outro tema é que



nalgunhas zonas estea prohibido por incumprimento do nivel de calidade da auga ou calquera outra cuestión medio ambiental.

Mentres non haxa unha prohibición expresa, como na inmensa maioría dos ríos en Galicia, pode bañarse quen o desexe. De feito, a inmensa maioría das áreas recreativas e zonas de baño dos ríos, non están cualificadas oficialmente como praias. Pon como exemplo a do Arenal no concello de A Estrada, que está en fronte de Agronovo e está nas mesmas condicións.

Isto vén dado polas enormes cargas burocráticas e económicas que leva cualificar un sitio como praia fluvial.

Repíte que nada impide bañarse alí, salvo que haxa unha prohibición expresa. De cara a un futuro estudarase se é factible e sostible cualificar ese espazo como praia fluvial.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto aos datos que ofreceu respecto á Conta Xeral no pleno anterior, dunha débeda de 1.209.677 € que aparecía no xornal El País no verán deste ano, entende que fai referencia á débeda bancaria; independentemente de que o grupo de goberno seguirá defendendo de que fixeron máis con menos.

Aclara que se inclúe tanto o que é a débeda a longo prazo, o que é propiamente préstamo, e por outro lado o que son as pólizas de crédito que se usan de forma anual por motivos de pagos, liquidez, etcétera.

O concello habitualmente funciona cunha póliza de crédito duns 400.000 €, que evidentemente contan neses datos, e a día de hoxe ten en préstamos arredor de 350.000 €, débeda bancaria a longo prazo. Polo tanto, hoxe está arredor dos 750.000 €, unha cifra bastante inferior á que sinalaba a voceira do grupo socialista.

Esa cifra saltou nese momento, porque se fixo unha operación financeira cunha póliza de crédito de 500.000 € en relación á subvención do IDAE, que había que pagar antes e xustificar o pago e despois recibir a subvención. Nese momento para a subvención concedida polo IDAE para a inversión en iluminación pública, houbo que facer esa operación financeira para terminar de pagar toda esa inversión, xustificar todo ao IDAE e poder cobrar a subvención e cancelar a póliza de crédito.

Esa operación que se fixo a principios de ano e que se foi tramitando todo para que chegaran eses cartos do IDAE antes de final de ano e cancelala, pois, como todos os trámites administrativos, non se puido cobrar a subvención antes de final de ano e por iso computou como débeda esa póliza. A principios de ano mandaron do IDAE a subvención e cancelouse esa póliza.

2º.- Sobre as vacacións do Sr. Vázquez Martínez, di que é unha opinión.

3º.- Respecto ao plan municipal de acceso a parcelas agrícolas, di que ese é un plan que fai referencia aos cartos que envía Agader en relación ao asfaltado de pistas. Eses cartos teñen unha serie de condicionantes que impiden que se poidan meter algunhas das pistas que están en mal estado. Métese as pistas que coinciden coas esixencias de Agader.

Actualmente hai catro plans de arranxo de pistas:

1º.- O de Agader, que se acaba de executar agora.

2º.- O POS 2021, xa aprobado e a ver se están por fin todas as autorizacións e se pode iniciar a licitación.

3º.- O POS 2022, que xa está aprobado e xa se iniciou a licitación.

4º.- Solicitaron á Xunta unha axuda a través do programa chamado PIR, no que eles licitarán unha serie de pistas antes de finais de ano.

Están a falar de 24 tramos de pistas, arredor de 445.000 € incluídas as de Agader. En relación a San Pedro de Sarandón, con ese plan asfaltouse unha das pistas de Ribeira, e nos plans do PIR e POS 2021 hai tamén pistas de conexión con Cubelas e tamén con Ribeira.



Están traballando para ter a principios de ano un plan director de pistas que sería o documento base.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se a Xunta de Galicia a través do plan PIR lle vai asfaltar pistas aos concellos.

A Presidencia responde que ao igual que a Xunta de Galicia subvenciona tramos da rede de sumidoiros, a través de Medio Rural hai algún programa polo que se pode solicitar o asfaltado de tramos de pistas que están en mal estado. Está aprobado e van licitar a obra en breve eles mesmos.

A voceira socialista solicita que se lle envíe á oposición cales son as pistas que van asfaltar.

4º.- Sobre a reunión cos técnicos da Xunta de Galicia para buscar unha solución ao cruce de Sarandón, a Presidencia di que está solicitada a xuntanza e está pendente de concretar a data.

5º.- Respecto aos problemas do transporte escolar no CPI de Vedra coa empresa Monbus, di que falando co xefe territorial, xa lle indicou que obviamente se abren as incidencias correspondentes e os expedientes sancionadores correspondentes polos incumprimentos.

6º.- Sobre o peche da ponte de Gundián e como están as comunicacións con ADIF, contesta que as comunicacións con ADIF están abertas e está pendente dunha xuntanza que teñen que convocar eles. Entende que este retraso, porque ía ser antes de outubro, non é unha mala cousa, pois cónstalle que están buscando unha solución técnica, xurídica e sobre todo viable economicamente, que satisfaga a todas as partes. Calquera novidade ao respecto comunicárase na xunta de voceiros.

7º.- Respecto a crear unha listaxe para a posible substitución da traballadora social, di que lle parece unha boa idea.

8º.- Sobre a obra de saneamento prevista en Santa Cruz e San Mamede froito do acordo con Augas de Galicia, di que hai unha semana xa asinaron o contrato coa empresa adjudicataria. Augas de Galicia comunicoulle que antes de final de ano estarán coas máquinas alí facendo a obra.

9º.- Respecto á campaña de información sobre o plan de biorresiduos, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a campaña adjudicouse esta semana en dúas fases: unha que se vai executar no ano 2023, e outra que ten que estar rematada a 31 de decembro deste ano, co cal comezará en breve.

A campaña consiste basicamente en charlas informativas que son as que se van facer agora para os veciños no ano 2022, e durante o ano 2023 o reparto de guías, trípticos e toda a información respecto aos biorresiduos, uso de colectores, etcétera.

Posiblemente no próximo boletín informativo vaian xa as datas das charlas.

10º.- Sobre a situación do censo de poboación, di que a día de hoxe é de 4.941 habitantes.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se iso ten algunha implicación inmediata de cara ao ano que vén, fondos que reciben, número de concelleiros, etcétera.

A Presidencia di que lle contestará no seguinte pleno.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á contratación de máis efectivos de Protección Civil, di que toma nota, pero o tema de contratar novo persoal, sexa de Protección Civil ou doutro tipo, os concellos téñeno case imposible.



Salvo que sexan subvencionados, os concellos non poden crear novos postos de traballo.

2º.- Sobre o aumento de autobuses pola mañá para que cheguen antes das 8:00 con tempo suficiente para que a xente poida acudir aos seus postos de traballo, di que na N-525 hai un autobús que, en principio, debería chegar sobre as 7:50 horas a Santiago. No corredor interior é certo que a primeira expedición chega arredor das 08:00 horas. Trasladará a proposta e verán que posibilidades existen.

Este é un plan que se implantou a 10 anos. Xa falara con Mobilidade e coa UTE de que transcorridos dous anos no Nadal a partir desta implantación, se ía revisar o plan para ver que liñas funcionan, cales non, poder facer axustes, etcétera. Toman nota para ver as posibilidades que poidan existir para que na ruta interior algún autobús chegue as 07:45 a Santiago.

3º.- Respecto a esterilizar os gatos sen dono para poder regular as camadas e telos controlados, di que a empresa é difícil. Preguntou e cónstalle que os que están levando ese tema dentro do concello están estudando as posibilidades.

5º.-Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na páxina web municipal aparece unha liña de axudas para a contratación de orquestras no concello de cara ao vindeiro ano. Entende que é un ano electoral. O contido das axudas é de 7.000 € con cargo á partida do PEL da Deputación que se chama Plan de Emprego Local.

Pregunta se en Vedra por contratar orquestras se fomenta o emprego local, se se axusta ás bases de convocatoria do PEL este tipo de axudas. Non ve que sexa unha partida que se adapte ao sentido deste plan.

2º.- Recórdalle que o mes pasado cando se aprobou a moción que presentou o grupo socialista sobre a modificación do IBI, quedouse á espera de modificar esa ordenanza. Solicita que os convoque e que lle dea publicidade no boletín informativo.

3º.- Solicita ver o proxecto complementario do establecemento hoteleiro Beatnik Country House.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que se revisen os parques infantís das parroquias porque xa están bastante deteriorados.

2º.- Solicita que de aquí a finais de ano se repasen as cunetas por todo o concello.

3º.- Pregunta como está o tema do Centro de Día.

4º.- Pregunta se ten feito o proxecto do Centro de Saúde, se se solicitou subvención, etcétera.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta polo Decreto de Alcaldía 576 do 26/08/2022 no que se cede o uso do vagón coworking a Financeira Madeireira, S.A.

Pregunta como unha empresa desas características pode usar o vagón coworking, que veñen facer aquí para ter acceso ao mesmo, porque na súa orixe estaba limitado a emprendedores.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Segue habendo problemas co transporte dos colexios. Parece ser que había un bus estragado e enviaron outro tamén estragado. Pregunta se se pode seguir coas reunións ou se é mellor pasar á ofensiva.

2º.- Pregunta se a Presidencia é consciente de que os rapaces de Vedra están indo a patinar a Boqueixón porque non poden facer patinaxe en ningunha instalación do concello de Vedra.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.